



CONCELLO DE PONTECESURES

Juan Manuel Vidal Seage (1 para 1)

Alcalde

Data de Sinatura: 08/03/2021

HASH: e2f0cab9fd557b7b248309bbf0a5cee



BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN, CONTRATACIÓN E POSTERIOR CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE PERSONAL LABORAL TEMPORAL DO CONCELLO DE PONTECESURES PARA CUBRIR OS POSTOS DE ENCARGADO/CAPATAZ DE BRIGADA, PEÓN CONDUTOR DE VEHÍCULO DE EXTINCIÓN E PEÓN FORESTAL PARA BRIGADA DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS DO CONCELLO DE PONTECESURES E OUTROS POSTOS RELACIONADOS CO MANTEMENTO MEDIOAMBIENTAL E XESTIÓN DA BIOMASA E PROTECCIÓN DO MEDIO AMBIENTE, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN E CREACIÓN DE BOLSA DE TRABALLO PARA A MESMA CATEGORÍA PROFESIONAL.

1ª.- OBXECTO.- Estas bases teñen por obxecto a regulación dos aspectos particulares do proceso selectivo para a selección, contratación e posterior creación dunha bolsa de emprego para cubrir prazas contempladas no artigo 1 do Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada e no artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, así coma para substitucións por vacacións ou permisos do persoal coa categoría de encargado/capataz, peón e peón-condutor de brigada de prevención e extinción de incendios forestais e outros postos relacionados co mantemento medioambiental e xestión da biomasa da Brigada de prevención de incendios do Concello de Pontecesures.

O órgano competente da Corporación poderá adscribir aos/ás aspirantes nomeados/as, a través do correspondente procedemento regulamentario, a calquera posto de traballo que, de acordo co seu grupo de titulación, teña asignadas funcións propias desta categoría profesional.

2ª.- CARACTERÍSTICAS DAS PRAZAS.

1) DENOMINACIÓN DA PRAZA: Encargado/Capataz de Brigada de prevención de incendios ou Encargado/Capataz relacionado co mantemento medioambiental, xestión da biomasa ou protección do medio ambiente.

- a) Grupo de cotización: 04
- b) Tipo de relación xurídica: persoal laboral temporal.
- c) Número de postos: 1

2) DENOMINACIÓN DA PRAZA: Peón Especialista-Condutor de vehículo de extinción ou Peón Condutor relacionado co mantemento medioambiental, xestión da biomasa ou protección do medio ambiente.

- a) Grupo de cotización: 09
- b) Tipo de relación xurídica: personal laboral temporal.
- c) Número de postos: 1



Cod. Validación: 4EGCECDG7GETNWGPN3ES33ZF | Corrección: <https://pontecesures.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 15



CONCELLO DE PONTECESURES

3) DENOMINACIÓN DA PRAZA: Peón forestal ou Peón forestal relacionado co mantemento medioambiental, xestión da biomasa ou protección do medio ambiente.

- a) Grupo de cotización: 10
- b) Tipo de relación xurídica: personal laboral temporal.
- c) Número de postos: 2

3ª.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES

Os solicitantes deben cumprir os seguintes requisitos:

1.- Ser español ou nacional de calquera dos outros Estados membros da Unión Europea ou nacional de calquera Estado ao que, en virtude dos Tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

Así coma tamén poderán participar os cónxuxes de españois e nacionais de calquera dos outros Estados membros da Unión Europea, calquera que sexa a súa nacionalidade, e, cando o correspondente Tratado así o estableza, os de nacionais dun Estado ao que en virtude dos Tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, é de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados pola lei. Nas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe, que teñan menos de vinte e un anos ou máis que viven ás súas expensas.

Así mesmo, poderán participar os estranxeiros con residencia legal en España, calquera que sexa a súa nacionalidade.

2.- Ter cumpridos os dezoito anos ou cumprilos dentro do prazo de presentación de solicitudes e non acadar a idade máxima de xubilación.

Requírese a maioría de idade cumprindo as limitacións establecidas pola lexislación laboral e a normativa que regula a prevención de riscos laborais, debido á natureza da oferta e dado que se trata de actividades que comportan riscos específicos.

3.- Posuír a capacidade funcional necesaria para o desempeño das tarefas obxecto da oferta de emprego. Asimesmo, os/as aspirantes non deben padecer enfermidade ou defecto físico que, pola súa natureza e grao, imposibiliten o desempeño das funcións propias da praza.

4.- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública, nin estar inhabilitado para o desempeño de funcións públicas.

Os solicitantes cuxa nacionalidade non sexa española deberán acreditar tamén que non están suxeitos a sancións disciplinarias nin condenas penais que impidan, no seu Estado, o acceso ao servizo público.

5.- Estar en posesión ou en condicións de obter o título requerido para a posto ao que opta.





CONCELLO DE PONTECESURES

POSTO	TITULACIÓN
Encargado/Capataz de Brigada de prevención de incendios ou Encargado/Capataz relacionado co mantemento medioambiental, xestión da biomasa ou protección do medio ambiente.	<ul style="list-style-type: none">• Estar en posesión do título de Enxeñeiro de Montes, Enxeñeiro Técnico Forestal, Técnico Superior de Xestión Forestal e do Medio Natural, Técnico Capataz Forestal ou 27 meses de experiencia acreditada na Administración ou 36 meses na empresa privada en postos da mesma ou análoga categoría.• Estar en posesión do carnet de conducir B.• Estar en posesión do título de acreditación do nivel de coñecemento de lingua galega CELGA 3/4 ou equivalentes.
Peón Conductor de vehículo de extinción ou Peón Conductor relacionado co mantemento medioambiental, xestión da biomasa ou protección do medio ambiente.	<ul style="list-style-type: none">• Graduado en ESO ou titulación equivalente ou 18 meses de experiencia acreditada na Administración ou 27 meses na empresa privada en postos da mesma ou análoga categoría.• Estar en posesión do carnet de conducir B.• Estar en posesión do título de acreditación do nivel de coñecemento de lingua galega CELGA 3 ou equivalentes.
Peón forestal ou Peón forestal relacionado co mantemento medioambiental, xestión da biomasa ou protección do medio ambiente.	<ul style="list-style-type: none">• Graduado en ESO ou titulación equivalente ou 18 meses de experiencia acreditada na Administración ou 27 meses na empresa privada en postos da mesma ou análoga categoría.• Estar en posesión do título de acreditación do nivel de coñecemento de lingua galega CELGA 3 ou equivalentes.

Cada persoa só poderá presentar unha única solicitude referida a un só posto. O incumprimento do contido neste parágrafo será causa de exclusión de todas as solicitudes formuladas.

4ª.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E PRAZOS.

As persoas que desexen participar na presente convocatoria deberán presentar instancia debidamente cumprimentada e asinada dirixida ao Sr. Alcalde segundo o modelo que figura nas presentes bases (Anexo I).

O prazo de presentación de instancias será de dez (10) días hábiles, contados a partir do





CONCELLO DE PONTECESURES

seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOPPO.

Os/as solicitantes facilitarán nas súas instancias unha dirección de correo electrónico e un teléfono no que poidan ser localizados en horario de mañá de luns a venres a efectos do funcionamento da bolsa de traballo.

As instancias poderán presentarse no Rexistro Xeral do Concello, na súa Sede Electrónica ou por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Se consonte a este precepto se presentara a instancia vía correo, deberá aparecer na devandita solicitude o selo da correspondente oficina de correos e comunicárselle simultaneamente ao concello a realización do envío ben por fax ou ben por correo electrónico (concello@pontecesures.org) co fin de que, rematado o prazo de presentación de instancias, sen telas recibido, se pospoña a elaboración da relación provisional de admitidos/as e excluídos/as ata recibir a documentación remitida polo/a aspirante; noutro caso, só a data de inscrición da instancia no Rexistro Xeral do Concello será a que se teña en conta para todos os efectos.

Xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo os/as aspirantes deberán achegar, inescusablemente, a seguinte documentación:

- a) Fotocopia do Documento Nacional de Identidade ou documento identificativo.
- b) Relación dos méritos alegados (ANEXO II) xunto coas copias simples dos documentos que acrediten suficientemente os méritos referenciados. A tal efecto, os aspirantes deberán presentar copia simple do informe de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social xunto coas copias dos contratos de traballo ou certificados de servizos prestados onde se acredite a tipoloxía do posto de traballo desempeñado, xornada e duración do contrato.
- c) Copia simple do documento acreditativo de estar en posesión da titulación académica esixida para participar na presente convocatoria.
- d) Copia simple do documento xustificativo de estar en posesión do carné de conducir B (de ser o caso).
- e) Copia simple do documento xustificativo de estar en posesión do correspondente certificado acreditativo de coñecemento da lingua galega segundo o posto solicitado, de ser o caso.
- f) No seu caso, os/as aspirantes que non posúan a nacionalidade española e sexan nacionais dun Estado membro da Unión Europea, con dereito a participar nalgún proceso selectivo, deberán presentar unha fotocopia do pasaporte ou documento que acredite a súa identidade e nacionalidade. De ser o caso, tamén presentarán os documentos que confirmen o vínculo de parentesco e o feito de vivir a expensas ou estar a cargo dunha persoa nacional doutro Estado co que teña o dito vínculo. Así mesmo, deberán achegar unha declaración xurada ou promesa da dita persoa de que non está separado de dereito do seu cónxuxe e, de ser o caso, do feito de que o aspirante vive ás súas expensas ou de que está ao seu cargo. Os demais aspirantes estranxeiros, xunto coa fotocopia do seu pasaporte en vigor, deberán acompañar copia do documento que acredite que están habilitados a residir e a poder acceder sen limitación ao mercado laboral en España.
- g) Para que teñan validez neste proceso selectivo, todos os documentos que se





CONCELLO DE PONTECESURES

presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán). No caso de tratarse de documentos expedidos noutras Comunidades Autónomas, para que teñan validez deberán estar redactados en lingua castelá ou traducidos polo organismo competente da respectiva Comunidade. Tratándose de documentos expedidos nun país estranxeiro, deberán estar debidamente traducidos, validados e apostilados pola correspondente oficina diplomática española ou organismo competente.

h) Os/as aspirantes quedan vinculados aos datos que fixeran constar na súa solicitude, podendo unicamente solicitar a súa modificación mediante escrito motivado dentro do prazo de presentación de instancias.

i) A non presentación da solicitude en tempo e forma suporá a exclusión do/a aspirante.

j) Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das Bases desta convocatoria.

Acreditación do coñecemento da lingua galega (Apto/a ou Non Apto/a):

En aplicación do previsto no artigo 51.2 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia respecto da acreditación do galego e de acordo coa base 2ª, aquelas persoas que non acrediten coñecementos en lingua galega terán que realizar unha proba de carácter obrigatorio e eliminatorio para a cal serán convocados polo órgano convocante, o cal designará á/as persoa/as encargadas de realizar e avaliar a proba.

O exercicio consistirá en traducir nun tempo máximo de 10 minutos, e sen axuda de dicionario, un texto de castelán a galego. Este exercicio valorarase como aspirante apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto, correspondendo ao órgano cualificador determinar o nivel de coñecementos esixidos para alcanzar dito resultado.

Tras a realización deste exercicio e a súa avaliación, o órgano competente procederá á publicación da relación daqueles aspirantes que o superaron.

Os aspirantes que non acrediten a posesión do certificado acreditativo de coñecemento da lingua galega correspondente á praza á que optan e non superen a proba de galego non formarán parte da lista de aspirantes.

5ª.- ADMISIÓN DOS/AS ASPIRANTES

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución, declarando aprobada a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión.

Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web do Concello (www.pontecesures.org) e será determinante para os efectos de posibles reclamacións.

Os/as aspirantes excluídos dispoñen dun prazo de dez (10) días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación da antedita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos.

A presentación de reclamacións, no seu caso, non suspenderá o proceso selectivo, salvo





CONCELLO DE PONTECESURES

que así o acorde a Alcaldía.

Posteriormente, o Alcalde declarará aprobada a lista definitiva de admitidos e excluídos, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web do Concello (www.pontecesures.org). Na mesma resolución determinarase o lugar, data e hora do comezo do proceso selectivo, así como a composición do órgano de selección.

No caso de que se produza a admisión de todos/as os/as candidatos/as presentados/as, sen exclusións, poderase prescindir da aprobación e publicación das listas provisionais.

6ª. TRIBUNAL CUALIFICADOR

1- O Tribunal Cualificador será designado pola Alcaldía (en virtude do artigo 21.1.g) da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local) e, en base ao establecido pola Lei 2/2015 do emprego público de Galicia, estará integrado polos seguintes membros:

Presidente: Un/unha funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo da Administración Pública

Secretario/a: O/A da Corporación ou funcionario en quen delegue (con voz e sin voto).

Vogais: Un/unha funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo da Administración Pública, designados pola Alcaldía.

Tódolos membros do Tribunal Cualificador, deberán posuír a titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada.

Os membros do Tribunal Cualificador deberán absterse de intervir, comunicándoo ao Sr. Alcalde cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/92, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, así como cando realizaran tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Así mesmo os aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal Cualificador cando nos mesmos concorran algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade ca establecido no artigo 29 da Lei 30/92.

2- De todas as reunións que faga o Tribunal, o/a Secretario/a redactará a correspondente acta.

3- Os membros do Tribunal absteranse de intervir e o comunicarán á autoridade convocante cando concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 23.2 da Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público. Os/as aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

4- O Tribunal Cualificador estará facultado para a interpretación das presentes Bases, así como para resolver, por maioría de votos dos membros presentes, as dúbidas que xurdan da aplicación das normas contidas nestas e nos casos non previstos polas mesmas. Os seus acordos só poderán ser impugnados polos interesados nos supostos e na forma establecida na Lei 30/1992, do 26 de novembro.

5- O tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores, con voz e sen voto para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente.

6- Os membros concorrentes ás sesións do Tribunal e para os efectos de percepcións de asistencias clasificaranse consonte ao disposto no artigo 33 do Real Decreto 462/2002,





CONCELLO DE PONTECESURES

sobre indemnizacións por razóns de servizo.

7ª- DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO.

A selección realizarase de conformidade co previsto nas presentes bases polo sistema de concurso-oposición cos aspirantes que no prazo establecido presentaran a súa documentación.

Os correspondentes anuncios e o resultado do proceso selectivo farase público mediante a publicación da correspondente acta/anuncio do Tribunal no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web do Concello.

As probas selectivas que deberán superar os/as aspirantes constará das fases que se indican a continuación.

A puntuación máxima no proceso de selección será de 100 puntos.

1ª FASE: PROBA DE APTITUDES FÍSICAS. (Carácter eliminatorio)

2ª FASE: PROBA DE SUFICIENCIA OU COÑECEMENTOS TÉCNICOS. (Máximo 30 puntos)

3ª FASE: VALORACIÓN DE MÉRITOS. (Máximo 30 puntos)

4ª FASE: PRUBAS DE CAPACIDADES E ENTREVISTA PERSOAL. (Máximo 40 puntos)

As probas e entrevista poderán realizarse de forma presencial ou telemática, telefónica ou por correo electrónico e na orde que, en todo caso, garanta a axilidade, operatividade e rigorosidade do proceso de selección. Debido ás circunstancias que concorren, no momento da publicación da convocatoria, en relación coa alerta sanitaria pola COVID-19, as probas que non sexan imprescindibles realizar de maneira presencial, levaranse a cabo preferentemente de maneira telemática.

Non obstante, os candidatos que, por causa xustificada, non puideran realizar as probas de forma telemática, telefónica ou vía correo electrónico, poderán solicitar realizalas de maneira presencial remitindo, dentro do prazo establecido, un correo electrónico a concello@pontecesures.org indicando no asunto: “Solicitud de proba presencial”.

As probas presenciais levaranse a cabo baixo estritos controis de seguridade sanitaria implementados polo Concello de Pontecesures, en cumprimento das instrucións do Ministerio de Sanidade.

A incomparecencia inxustificada dos candidatos a calquer proba á que sexan convocados implicará a súa exclusión do proceso selectivo.

Tras a publicación da relación definitiva de candidatos admitidos e excluídos procederase a convocar aos aspirantes á realización das diferentes fases do concurso.

PRIMEIRA FASE. PROBA DE APTITUDES FÍSICAS (CARÁCTER ELIMINATORIO)

Consistirá na realización dunha proba de esforzo denominado do banco, que consiste en baixar e subir dun banco de 40 cm de altura para os homes e 33 cm para as mulleres, a razón de 90 movementos durante un período de 5 minutos.





CONCELLO DE PONTECESURES

Para obter a consideración de APTO/A, será necesario obter, como mínimo, os parámetros de capacidade aeróbica, pola aplicación da idade, peso e pulsacións segundo as táboas propias desta proba.

Os aspirantes considerados como NON APTO/A, non poderán continuar no proceso de selección.

SEGUNDA FASE. PROBA DE SUFICIENCIA OU COÑECEMENTOS TÉCNICOS. (Máximo 30 puntos)

Realizarase unha proba de manexo e identificación de ferramentas e equipos de protección precisos para o desenvolvemento das tarefas propias das prazas ás que se opta, durante o tempo máximo que determine o Tribunal. Puntuarase de 0 a 30 puntos, sendo eliminados os/as aspirantes que obteñan unha puntuación inferior a 15 puntos.

TERCEIRA FASE. VALORACIÓN DE MÉRITOS. (Máximo 30 puntos)

1.- Experiencia profesional, ata un máximo de 20 puntos:

Nesta fase o Tribunal avaliará os méritos alegados e acreditados por aqueles aspirantes que superaran as fases anteriores de acordo co seguinte baremo:

- Por ter desempeñado tarefas ou funcións en postos idénticos ou similares á praza obxecto deste proceso de selección en calquera Administración Pública ou organismos autónomos de carácter administrativo dependentes da mesma: 0,25 puntos por mes completo a xornada completa

- Por ter desempeñado tarefas ou funcións en postos idénticos ou similares á praza obxecto deste proceso de selección en calquera empresa privada: 0,15 puntos por mes completo a xornada completa.

Para acreditar estes traballos os aspirantes deberán presentar orixinal ou copia compulsada de informe de vida laboral expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social e orixinais ou copias compulsadas dos contratos de traballo ou certificados de servizos prestados onde se acredite o posto desempeñado, xornada e duración do traballo. En caso de acreditación de períodos de traballo por días, un mes virá determinado pola acumulación de 30 días de traballo a xornada completa.

De non presentarse a citada documentación, ou si se presenta outra diferente á aquí referida, a cualificación neste apartado será de 0 puntos.

2. Formación, ata un máximo de 10 puntos:

Cursos relacionados coa actividade a desenvolver no posto de traballo, impartidos por Organismos Oficiais ou centros homologados.

Os cursos que, a xuízo do Tribunal, non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias da praza, non serán puntuados. Tampouco serán puntuados aqueles cursos nos que non conste o nº de horas ou de duración inferior a 20 horas:

a) Cursos de 76 horas ou máis: 0,50 puntos





CONCELLO DE PONTECESURES

b) Cursos de 60 a 75 horas: 0,40 puntos

c) Cursos de 40 a 59 horas: 0,20 puntos

d) Cursos de 20 a 39 horas: 0,10 puntos

CUARTA FASE. ENTREVISTA PERSOAL. (Máximo 40 puntos)

Consistirá en avaliar a dispoñibilidade do aspirante, a súa adecuación ao posto de traballo convocado e o coñecemento do territorio, funcións, coñecemento da norma básica de seguridade, procedementos e terminoloxía no desenvolvemento das labores propias do posto ao que opta. Puntuarase ata un máximo de 40 puntos. Sendo eliminados/as aqueles ou aquelas aspirantes que obteñan unha puntuación inferior aos 20 puntos.

A entrevista dividirase en 5 partes:

1.- Dispoñibilidade dos candidatos e adecuación ao posto de traballo durante o transcurso da entrevista (8 puntos)

2.- Coñecemento do territorio: Valorarase o coñecemento de estradas, lugares, montes, etc. municipais, así como o coñecemento do distrito no que se actuará (8 puntos)

3.- Funcións: Valorarase o coñecemento das funcións propias do posto ao que se opte descritas no PLADIGA (8 puntos)

4.- Procedementos: Valorarase o coñecemento da norma básica de seguridade (protocolo OACEL) así como de outros procedementos descritos no PLADIGA en función do posto ao que se opte. (8 puntos)

5.- Terminoloxía: Coñecemento da terminoloxía e definicións recollidas no Anexo 0 do PLADIGA (8 puntos)

8º.- CUALIFICACIÓN FINAL, RELACIÓN DE APROBADOS E PROPOSTA DE NOMEAMENTO.

A cualificación final do proceso virá determinada polo sumatorio das puntuacións obtidas na fase de concurso publicándose a listaxe provisional de aspirantes coa puntuación obtida por orde de maior a menor no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web do concello (www.pontecesures.org).

En caso de empate, resolverase a favor de quen obtivera a maior puntuación na segunda fase (proba de suficiencia e/ou coñecementos técnicos) . Se o empate persiste, a favor de quen obtivera a maior puntuación na terceira fase (avaliación de méritos). De persistir o empate, priorizarase a experiencia acreditada na empresa pública na fase de avaliación de méritos. Se o empate continuase, o Tribunal realizará un sorteo para determinar a orde dos aspirantes.

Os aspirantes disporán dun prazo de dez (10) días hábiles, contado desde o seguinte ao da publicación da antedita listaxe na web e taboleiro de anuncios do Concello para presentar as reclamacións e subsanacións que estimen oportunas en relación coa revisión da baremación.

Resoltas as posibles alegacións e subsanacións ou transcorrido o prazo sen terse





CONCELLO DE PONTECESURES

presentado ningunha, o tribunal fará pública no taboleiro de anuncios do Concello e na web do Concello a listaxe definitiva de aspirantes que tiveran superado o proceso coa puntuación obtida por orde de maior a menor e presentará ao señor alcalde a proposta para o nomeamento dos/as aspirantes que tiveran obtido a maior puntuación para cada un dos postos ofertados.

9ª.- ACHEGA DE DOCUMENTOS E TOMA DE POSESIÓN.

Os/a aspirantes seleccionados/as deberán presentar no concello no prazo máximo de cinco (5) días hábiles, contados a partir da publicación da relación definitiva do/s aspirantes aprobado/s no taboleiro de anuncios do Concello e na web, a seguinte documentación:

- a) Fotocopia compulsada do Documento Nacional de Identidade.
- b) Fotocopia compulsada do carné de conducir tipo B (de ser o caso).
- c) Fotocopia compulsada da titulación esixida.
- d) Fotocopia compulsada dos méritos valorados na fase de concurso.
- e) Fotocopia compulsada do documento acreditativo do coñecemento da lingua galega, no seu caso.
- f) Declaración responsable de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No suposto de ser nacional doutro Estado, declaración xurada ou promesa de non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, o acceso ao emprego público.

Así mesmo, e co fin de acreditar o cumprimento do requisito recollido no punto 3.3 das presentes bases, o/a aspirante proposto/a deberá someterse a un recoñecemento médico realizado polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais do Concello de Pontecesures. Recoñecemento polo que se acreditará que non padece enfermidade ou defecto físico que, pola súa natureza e grado, imposibilite o desempeño das funcións propias da praza.

Aportada a documentación esixida nesta base e acreditados a totalidade dos requisitos, a Alcaldía ditará resolución de nomeamento do/s aspirante/s proposto/s que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello e na web do Concello e disporá a súa toma de posesión para o comezo da prestación do servizo no prazo que se lle indique.

Non obstante, a non presentación en prazo da documentación esixida nesta Base e agás os casos de forza maior, ou cando do exame da mesma e/ou do recoñecemento médico se deduza que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser nomeados e quedarán anuladas todas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que houberan incorrido por falsidade na solicitude de participación.

10ª.- BOLSA DE TRABALLO.

1.- Obxecto da bolsa:

Coa relación definitiva dos aspirantes que superando o proceso selectivo e non obtiveran praza e pola orde da puntuación obtida formarase unha bolsa de traballo para cubrir, no seu caso, eventuais e futuras necesidades temporais de persoal que poidan xurdir nas





CONCELLO DE PONTECESURES

categorías profesionais obxecto desta convocatoria no Concello de Pontecesures. Asimesmo, causará alta en cada unha das bolsas no primeiro lugar o/a aspirante que obteña a praza obxecto da presente convocatoria e que resulte finalmente nomeado/a, unha vez se extinga o citado nomeamento e non incorra en causa de exclusión. A formación e/ou actualización da bolsa (exclusións, baixas temporais e/ou altas que se produzan ao longo da súa vixencia) serán aprobadas por Resolución de Alcaldía que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web de Concello.

2.- Vixencia da bolsa:

A bolsa resultante do presente proceso selectivo extinguirase en todo caso cando teñan transcorrido 3 anos desde a súa constitución (salvo prórroga expresa por un período de 1 ano e causa xustificada), podendo non obstante extinguirse antes no caso de celebrarse nese período novo proceso selectivo para a mesma categoría con formación de nova bolsa de traballo ou no caso de quedar baleira de participantes.

3.- O funcionamento da bolsa: a bolsa rexerese polas seguintes normas:

Os **chamamentos** para a formalización dos/das nomeamentos/contratacións realizaranse en base á orde de prelación vixente, en cada momento, entre os/as integrantes da bolsa de traballo; e, polo tanto, respectando a posición ordinal (por orde descendente) que, en cada momento, ostenten nela.

En caso de oferta simultánea de varias contratacións, estas ofreceranse en bloque, para a súa elección segundo a orde de prelación de aspirantes.

Os chamamentos realizaranse por vía telefónica e correo electrónico, ao número e dirección de correo electrónico facilitados, polos/as integrantes da bolsa de traballo, no momento de terse presentado ao proceso selectivo para a súa creación; así, en aras a unha adecuada eficacia deste procedemento, os/as interesados/as deberán comunicar ao Concello, baixo a súa responsabilidade, calquera alteración destes datos de contacto, a efectos de chamamento, que se puidera ter producido.

Realizaranse un máximo de tres chamadas telefónicas, durante unha mesma xornada laboral (entendida dende as 9:00 ás 14:00 horas), a distintas horas e cun intervalo mínimo dunha hora. No caso de non terse producido resposta ás ditas chamadas, remitirase un correo electrónico final (dentro da mesma xornada). Tanto na chamada telefónica como no correo electrónico indicárase, como mínimo, a tipoloxía/modalidade da incorporación temporal ofertada (coa duración prevista, en caso de coñecerse, e/ou causa de finalización), si se está a expensas de que acepten os/as integrantes da lista anteriores e que tiveran sido chamados previamente, o prazo máximo para a resposta e o número de teléfono e correo electrónico para poder contactar, a tales efectos, co Concello. Darase un prazo máximo de 24 horas (contado dende a hora de contestación da chamada ou, de non producirse, dende a hora da última chamada sen resposta) para aceptar, ou non, a oferta realizada.

a) De non terse producido ningún tipo de resposta ao chamamento (no prazo máximo antedito), aplicaranse ao/á integrante os mesmos efectos, en relación coa súa situación na bolsa, que os previstos para os supostos de rexeitamento inxustificado do chamamento e, polo tanto, nos termos do sinalado a continuación, implicará o seu pase ao último lugar da bolsa; e así, sucesivamente, para cada un dos/as integrantes que incorran en falta de resposta.





CONCELLO DE PONTECESURES

b) De terse respondido a dito chamamento, no prazo sinalado, procederase do seguinte xeito, segundo se teña producido a aceptación ou rexeitamento da oferta de incorporación realizada:

b.1.- No suposto de rexeitamento da oferta, o/a interesado/a deberá alegar algunha das causas/situacións xustificadas que a continuación se relacionan, sen prexuízo daquelas de forza maior que poidan alegarse e que serán obxecto de apreciación e estimación discrecional e potestativa por parte da Alcaldía; e todas elas deberán acreditarse documental e fidedignamente no prazo máximo de 5 días hábiles dende o dito rexeitamento. De cumprirse co antedito, conservará a súa posición ordinal dentro da bolsa; de non ser así, pasará ao último lugar desta.

As ditas causas/situacións de rexeitamento xustificadas serán as seguintes:

- Concorrenza de parto, permiso por nacemento, adopción ou acollemento, permiso de paternidade, risco durante o embarazo, risco durante o período de lactación natural e/ou situacións asimilables.
- Estar en situación de incapacidade temporal transitoria por continxencias comúns ou profesionais, acreditado co correspondente parte médico de baixa.
- Estar en situación de servizo activo en calquera Administración Pública ou entidade integrante do sector público ou ter sido nomeado e atoparse en prazo de toma de posesión ou contratación para acadar a dita situación.
- Estar nalgunha das situacións de servizos especiais contemplada pola normativa de aplicación
- Ter vixente un contrato de traballo cunha empresa/entidade privada, ou exercer como autónomo.
- Ter que coidar e/ou estar ao cargo dun familiar de ata segundo grao, cando este, por razóns de idade, accidente ou enfermidade non puidera valerse por si mesmo e non desenvolva unha actividade retribuída; ou situacións asimilables enmarcadas dentro do exercicio da conciliación laboral e familiar.

b.2.- No suposto de aceptación da oferta, a Alcaldía resolverá a incorporación, na modalidade de emprego que proceda e na data prevista ao efecto, do/a integrante da bolsa chamado e que teña aceptado, ao que se lle requirirá para que antes desta, no prazo concreto sinalado ao efecto, presente a seguinte documentación:

1) Declaración responsable na que fará constar e manifestará (sen prexuízo da responsabilidade na que, no seu caso, e por falsidade na dita declaración, puidese incurrir):

- Aceptación expresa do nomeamento.
- Seguir reunindo todos e cada un dos requisitos esixidos, e acreditados, no momento de terse presentado ao proceso selectivo no que conste expresamente que ten a capacidade funcional necesaria para o desempeño das tarefas propias do posto.
- Non estar separada ou separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para emprego ou cargo público por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de funcionarios/as do que a persoa tivera sido separada ou inhabilitada.





CONCELLO DE PONTECESURES

- Non estar incurso/a en causa algunha de incapacidade nin de incompatibilidade, de conformidade coa normativa aplicable, que imposibilite a ocupación e desempeño do posto.

2) Número de afiliación á seguridade social.

3) Acreditación documental da conta bancaria na que se farían os seus ingresos nominais.

No caso de que no prazo sinalado non cumpra coa presentación da referida documentación (ou desta se deducira que non reúne os requisitos esixidos) ou ben non proceda na data sinalada á incorporación/toma de posesión, entenderase que renuncia/desiste dos seus dereitos inherentes, de tal xeito que non se procederá á súa efectiva incorporación e a Alcaldía propondrá e resolverá a incorporación do/a aspirante que ocupe a seguinte posición ordinal na bolsa; e ademais, agás que poida acreditar, documental e fidedignamente, causas/razóns de forza maior que xustifiquen o dito incumprimento, pasará a ocupar o último lugar da bolsa. Así mesmo, pasará a ocupar o dito último lugar da bolsa, no caso de que proceda a renunciar ou desistir expresamente do posto de traballo unha vez aceptado expresamente o/a nomeamento/contratación e antes de proceder á toma de posesión ou formalización do contrato.

4. Baixa definitiva.

A acumulación, por un mesmo integrante da bolsa, de tres situacións de falta de resposta (en prazo) aos chamamentos, rexeitamento inxustificado, incumprimento da presentación da documentación previa á incorporación/toma de posesión e/ou do prazo/datas fixados ao efecto, dará lugar á súa baixa definitiva na bolsa. Igualmente, tamén serán causas de baixa definitiva as seguintes:

- Solicitude de baixa voluntaria por parte dos/as integrantes da bolsa.
- Non reunir os requisitos requiridos (ou terse producido falsidade na acreditación destes).
- Ter sido separado ou inhabilitado do servizo público.
- Falecemento, incapacidade permanente ou cumprimento da idade ordinaria de xubilación fixada, de ser o caso, en cada momento.

En todo caso, a dita baixa definitiva deberá ser acordada, mediante resolución debidamente motivada, por parte da Alcaldía; e deberase garantir aos afectados o trámite de audiencia.

5. Dilixencia de chamamentos.

Ao obxecto da súa adecuada xustificación, consulta e acreditación administrativa, o/a empregado/a público/a que se teña encargado dos chamamentos fará constar, mediante dilixencia emitida ao efecto (e que obrará no expediente correspondente), os trámites efectivamente realizados; debendo indicar, cando menos, os días e horas nos que se realizaran as chamadas e o envío de correos electrónicos, así como do remate do prazo para responder ao chamamento, e se o/a aspirante tivo respondido en prazo e aceptado, ou non, a oferta de nomeamento/contratación realizada (e sen prexuízo de aquelas outras incidencias/circunstancias que, de ser o caso, se estime oportuno reflectir).

6. Fin da relación de emprego e reingresso na bolsa.

O persoal temporal que teña sido incorporado ao abeiro destas bolsas finalizará a súa





CONCELLO DE PONTECESURES

relación de emprego, ademais de polas causas xerais que determinan a perda da condición de empregado público, cando rematen as causas que tiveran motivado a dita incorporación e o nomeamento/contratación correspondente ou, no seu caso, conorra algunha das restantes causas de finalización legalmente previstas, segundo o caso.

Ao producirse a finalización da súa relación de emprego regresará á posición ordinal que, en cada momento, lle corresponda dentro da bolsa, agás que a finalización da relación de emprego se deba a unha renuncia ao posto de traballo unha vez producida a toma de posesión, en cuxo caso regresará á bolsa no seu último lugar; non obstante, nos casos nos que a relación de emprego finalice por mor dunha situación ou suposto legal con reserva de posto e/ou con garantía/posibilidade de reincorporación, manterá a súa posición ordinal na bolsa en tanto siga vixente a dita reserva de posto ou garantía/posibilidade de incorporación.

7. Situacións ordinarias nas que se poderán atopar os/as integrantes de cada unha das bolsas.

- a. “Dispoñible”. Atoparse entre a listaxe de integrantes da bolsa á espera de ser chamado/a.
- b. ”Traballando”. Atoparse traballando para o propio Concello como consecuencia de ter sido nomeado/a ou contratado/a a través da bolsa.

Finalizada a vixencia do correspondente contrato/nomeamento, pasarase novamente á situación de “dispoñible”, mantendo a posición ordinal anterior na bolsa de orixe.

No caso de que os/as empregados/as “traballando” se atopen incluídos como dispoñibles noutras bolsas de Emprego temporal do Concello, poderán aceptar ou rexeitar outra contratación ou nomeamento temporal que se lles ofrezca a través destas. No caso de aceptar, considerarase como “renuncia voluntaria” na súa relación de emprego en vigor e pasarán como “dispoñibles” ao final da bolsa de emprego da que tivera derivado a contratación ou nomeamento ao que se renuncie.

- c. “Baixa definitiva”. Implica a exclusión definitiva da bolsa, e se derivará dos supostos/circunstancias sinalados no apartado 9.4 anterior.
En todo caso, a dita baixa definitiva deberá ser acordada, mediante resolución debidamente motivada, por parte da Alcaldía; e deberase garantir aos afectados o trámite de audiencia.

8. Competencia para a xestión ordinaria das bolsas.

A competencia para a xestión administrativa e ordinaria das bolsas de emprego correspóndelle ao servizo ou unidade administrativa que teña atribuída a xestión de persoal/RR.HH; cuxo persoal asumirá os trámites operativos e materias pertinentes. E isto sen prexuízo das atribucións resolutorias que, segundo o previsto nestas bases, así como na normativa de réxime local, lle correspondan á Alcaldía ou ao órgano competente correspondente.

9. Dereito de acceso e información.

Garantirase ás/aos interesadas/os a posibilidade de acceso/información respecto da bolsa de emprego vixente en cada momento, mediante os medios que o fagan posible e con adecuación, en todo caso, ás previsións/limitacións normativas aplicables ao respecto do dereito de acceso á información pública e da protección de datos de carácter persoal.





CONCELLO DE PONTECESURES

11ª.- INTERPRETACIÓN DAS BASES .

O Tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e adoptar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nestas bases.

12ª.- RECURSOS.

A Resolución de alcaldía que aproba as presentes bases pon fin á vía administrativa e contra a mesma poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso administrativo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo no boletín oficial da provincia de Pontevedra, segundo o art. 46.1 da Lei 29/1998 de 13 de xullo da xurisdición contencioso-administrativa. Así mesmo, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o alcalde-presidente, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo no boletín oficial da provincia de Pontevedra (artigos 123, 124 e 30 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas). No caso de que se interpoña o recurso potestativo de reposición, ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo (artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas).

13ª.- RÉXIME XURÍDICO APLICABLE.

En todo o non previsto expresamente nas presentes bases, será de aplicación o Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, o Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos aos que debe axustarse o procedemento de selección de funcionarios ao servizo das Entidades Locais, o Real Decreto 364/1995 polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Civís da Administración Xeral do Estado e demais lexislación vixente de aplicación.

Pontecesures,

O Alcalde

Juan Manuel Vidal Seage

(Documento asinado dixitalmente da data indicada á marxe)





CONCELLO DE PONTECESURES

ANEXO I

MODELO DE SOLICITUDE

D/Dª. _____, con DNI núm. _____,
data de nacemento: _____ e domicilio para efectos de notificación en
_____, municipio de _____
provincia de _____, número de teléfono: _____ e correo
electrónico: _____, tendo coñecemento do proceso de selección
convocado polo Concello de Pontecesures para a contratación e posterior creación dunha lista de
aspirantes a personal laboral temporal do Concello de Pontecesures para cubrir os postos de
encargado/capataz de brigada, peón conductor de vehículo de extinción e peón forestal para brigada
de prevención de incendios do Concello de Pontecesures e outros postos relacionados co
mantemento medioambiental e xestión da biomasa e protección do medio ambiente, mediante o
sistema de concurso-oposición e creación de bolsa de traballo para a mesma categoría profesional.

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

- Que son certos todos os datos consignados na solicitude.
- Que reúno, na data en que remata o prazo de presentación de instancias, todos os requisitos esixidos nas bases da convocatoria, as cales coñezo e acepto expresamente na súa totalidade.
- Que posúo a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo e non padezo enfermidade ou defecto físico que, pola súa natureza e grao, imposibiliten o desempeño das funcións propias do posto solicitado.
- Que non foi separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin se atopa en estado de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- Que alego e acredito os méritos relacionados no Anexo II, que se achega á presente solicitude.

Polo exposto SOLICITO que se me admita a presente solicitude xunto coa documentación adxunta, para concorrer ao proceso selectivo incoado aos efectos da provisión do posto.

_____, _____ de _____ de 2021

O/A Solicitante.

Asdo.:



CONCELLO DE PONTECESURES

ANEXO II

MODELO DE AUTOBAREMACIÓN DE MÉRITOS DO PROCESO SELECTIVO MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN E CREACIÓN DE BOLSA DE TRABALLO CONVOCADO POLO CONCELLO DE PONTECESURES PARA CUBRIR OS POSTOS DE ENCARGADO/CAPATAZ DE BRIGADA, PEÓN CONDUTOR DE VEHÍCULO DE EXTINCIÓN E PEÓN FORESTAL PARA BRIGADA DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS E OUTROS POSTOS RELACIONADOS CO MANTENIMENTO MEDIOAMBIENTAL E XESTIÓN DA BIOMASA E PROTECCIÓN DO MEDIO AMBIENTE.

DATOS PERSOAIS	
APELIDOS E NOME:	DNI/NIE:
<p>EXPÓN: Que de conformidade co establecido na convocatoria apórtase, xunto á instancia, manifestación de méritos susceptibles de ser valorados na fase de concurso do proceso selectivo, procedendo co sinalado na Base Terceira da convocatoria, á autobaremación dos méritos.</p> <p>Por todo elo, DECLARA:</p> <p>Baixo a súa expresa responsabilidade, que son certos os datos consignados no presente modelo de autobaremación de méritos, asumindo en caso contrario as responsabilidades a que houbera lugar.</p>	

MÉRITOS

A) VALORACIÓN DA EXPERIENCIA PROFESIONAL (Ata 20 puntos)

1.- Tarefas ou funcións en postos idénticos ou similares á praza obxecto deste proceso de selección en calquera Administración Pública ou organismos autónomos de carácter administrativo dependentes da mesma. (0,25 puntos por mes completo a xornada completa)

N.º Doc.	A CUMPRIMENTAR POLX ASPIRANTE			A CUMPRIMENTAR POLO TRIBUNAL DE SELECCIÓN PREVIA COMPROBACIÓN.	
	ADMINISTRACIÓN OU ORGANISMO	N.º DE MESES COMPLETOS DE SERVICIOS PRESTADOS	PUNTUACIÓN	PUNTUACIÓN ASIGNADA	CAUSA DE NON VALORACIÓN (si procede)
1					
2					
3					
4					
5					
6					
7					
8					
9					



CONCELLO DE PONTECESURES

2.-Tarefas ou función en postos idénticos ou similares á praza obxecto de este proceso de selección en calquera empresa privada (0,15 puntos por mes completo a xornada completa)

N.º Doc.	A CUMPRIMENTAR POLX ASPIRANTE			A CUMPRIMENTAR POLO TRIBUNAL DE SELECCIÓN PREVIA COMPROBACIÓN.	
	EMPRESA	N.º DE MESES COMPLETOS DE SERVICIOS PRESTADOS	PUNTUACIÓN	PUNTUACIÓN ASIGNADA	CAUSA DE NON VALORACIÓN (si procede)
1					
2					
3					
4					
5					
6					
7					
8					
9					

TOTAL VALORACIÓN DA EXPERIENCIA PROFESIONAL:



CONCELLO DE PONTECESURES

B) FORMACIÓN (Ata 10 puntos)

N.º Doc.	A CUMPRIMENTAR POLX ASPIRANTE			A CUMPRIMENTAR POLO TRIBUNAL DE SELECCIÓN PREVIA COMPROBACIÓN		
	DENOMINACIÓN DO CURSO	ORGANISMO QUE O ORGANIZA/IMPARTE	N.º DE HORAS	PUNTUACIÓN	PUNTUACIÓN ASIGNADA	CAUSA DE NON VALORACIÓN (si procede)
1						
2						
3						
4						
5						
6						
7						
8						
9						
10						
11						
12						
13						
14						
15						
16						

TOTAL VALORACIÓN FORMACIÓN

En _____, a _____ de _____ de 2021

Asdo.: _____